

Seminario: Tecendo Pinturas. As Artes de Mercedes Ruibal e Agustín Pérez Bellas

28 de maio e 19 de xuño de 2026 no Edificio Castelao

En paralelo á exposición *Arte en parella. Mercedes Ruibal-Agustín Pérez Bellas*, o Museo de Pontevedra organiza un seminario no que unha serie de especialistas analizan, con distinta voz e contidos, os tempos que lle tocou vivir a esta parella de artistas, intensamente comprometida coa creación e a cultura desde os anos cincuenta do século pasado. Un percorrido peculiar que se desenvolve lembrando as súas individualizadas e parceladas incursións na poesía, na narrativa e mais na arquitectura, sempre en paralelo co seu intenso e máis coñecido proceso pictórico, que hoxe, como as súas respectivas liñas biográficas, precisa dunha clara reinterpretación.

Dirección: Cristina Villaverde Ruibal

1.ª sesión

Xoves 28 de maio de 2026, ás 16:30 h

Presentación do seminario

Ángeles Tilve Jar e Cristina Villaverde Ruibal

Conferencia: “O Sobral de Mercedes e Agustín” Cristina Villaverde Ruibal

Os primeiros anos de vida de Mercedes Ruibal e a súa relación con Xeve e Pontevedra abórdanse nunha entrega que incide igualmente no proceso migratorio persoal e familiar que viviu a pintora na Arxentina, o país onde descubriu a pintura ao lado de José Otero Abeledo, Laxeiro. O Sobral é a casa parroquial na que naceu en 1926 e a que tamén lle serviría a ela e a Agustín Pérez Bellas para asentar como parella e mais como refuxio mural de moitas das súas primeiras obras.

Cristina Villaverde Ruibal é licenciada en Historia da Arte, ilustradora, cooperante internacional e comisaria de exposicións. Dirixiu a revista *A Pedreira* e programas internacionais de intercambio cultural por América e Europa, especialmente sobre tradicións populares e vellos oficios europeos, que foron recollidos en publicacións baixo a súa dirección. Foi igualmente cofundadora da produtora Yellow Zamburiña Records.

Conferencia: “Conversacións coa funámbula Mercedes Ruibal” Marga do Val

A publicación en 1978 do libro de Mercedes Ruibal *Confesiones de volatinera con bragas de repuesto al dorso* foi recibida con desconcerto. Agora, décadas despois, Marga do Val opta por establecer novas lecturas desta obra abrindo un diálogo con moitas das expresións e dos pensamentos que a pintora galega debulla neste libro tan especial de non ficción, para así rescatar do esquecemento

tanto a súa singularidade coma a valentía conceptual que chegou nunha etapa delicada da nosa historia contemporánea.

Marga do Val é escritora, tradutora e filóloga, e mais autora de obras biográficas e teatrais desde as que abordou a vida de mulleres coma La Bella Otero ou Aurora Rodríguez. Tamén analizou, entre outras, a obra da escritora Xela Arias e da pintora Tamara de Lempicka. Foi premio da crítica española en 2011 polo seu poemario *A cidade sen roupa ao sol*. Foi igualmente premiada nese anos pola tradución de *Randea do alento*, da escritora alemá Herta Müller. É tamén tradutora da novela *A casa da paixón*, da brasileira Nélide Piñón. Na actualidade é profesora e directora do Instituto de Estudos Agrarios Mártires de Sobredo.

Conferencia: “Mercedes Ruibal e Julia Minguillón, pintoras con política”

Xosé Enrique Acuña

A análise sen maniqueísmos concluíntes de certos comportamentos, ben distintos, que estas dúas pintoras protagonizaron en décadas diferentes dos tempos en que lles tocou vivir, conduce a reflexionar sobre a relación destas artistas coa sociedade e a súa implicación nun activismo político directamente ligado ás súas propostas artísticas. Os casos tan distantes de Julia Minguillón nos anos propios da guerra do 36 e de Mercedes Ruibal nas décadas finais da ditadura franquista.

Xosé Enrique Acuña é autor de numerosas publicacións sobre a memoria histórica e audiovisual de Galicia. Foi director de Edicións A Nosa Terra e comisario, entre outras, das mostras *Os artistas de Ánxel Casal. Arte e edición nunha Galiza entusiasmada*, *Memorial da Liberdade. Represión e resistencia en Galiza. 1936-1977*, *A exposición secuestrada: Estampa Popular Galega (Tui-1968)* e *José Ruibal. Un escritor de centenario*. Recuperou obras literarias de Carlos Velo, Manuel Portela Valladares, Eduardo Blanco Amor e José Ruibal. É tamén autor dunha biografía sobre a actriz galega Mercedes Mariño e mais da novela *O café do idioma*.

Conferencia: “Mercedes Ruibal e Agustín Pérez Bellas. Poetas, andantes e amantes”

Graciela Baquero

Paralela á súa actividade pictórica, Mercedes Ruibal e Agustín Pérez Bellas cultivaron e publicaron obra literaria, maioritariamente, de expresión castelá. Desde un primeiro achegamento á poesía por parte de Mercedes e cos diarios das súas viaxes de estudo como arquitecto no caso de Pérez Bellas, esta inmersión na literatura, especialmente no campo poético, verase analizada e recitada utilizando e mesturando os seus propios rexistros literarios, tan distintos, co ánimo de descifrar e mais tamén de recuperar a escrita creativa que compaxinaron coa pintura.

Graciela Baquero é escritora, recitadora, actriz e profesora. Autora de obras literarias que circulan entre a prosa e a poesía, como *Pintura sobre augas*, *Crónica de olvido*, *Ojos de frontera*, *Sobre el amor y otros animales* e *Giróvaga*, publicada este mesmo ano. Na actualidade, imparte obradoiros na UNED e mantén a memoria do legado da pintura de Mercedes Ruibal, de quen é sobriña.

Proxección audiovisual: *Homenaxe a Pérez Bellas*
TVE-G, 1983. 32 min

Peza documental presentada polo xornalista Segundo Mariño, que se realizou cando se cumpría un ano da morte de Agustín Pérez Bellas, no contexto dunha mostra-homenaxe realizada en Vigo. Con intervencións dos pintores galegos Virxilio, Colmeiro e Laxeiro; do madrileño Joaquín Pacheco; e mais do arquitecto José Antonio López Candeira.

2.ª sesión

Venres 19 de xuño, ás 18 h

Conferencia: “Arquitecto á ventá. Agustín Pérez Bellas”
José Luis Varela Alén

A figura de Agustín Pérez Bellas (Vigo, 1927-1982) está vinculada ao ámbito pictórico xunto a da súa dona, Mercedes Ruibal. Porén, o seu papel como arquitecto permanece oculto, entre as sombras, acrecentado polo esquecemento e pola desaparición de moitos dos seus proxectos realizados. Pérez Bellas irrompe con innovadoras ideas axitando a decimonónica linguaxe establecida pola xeración anterior. Desligar o Pérez Bellas arquitecto do Agustín pintor é case imposible. Redescubrir a súa obra construída, e como esta transcorre de xeito paralelo á súa outra vertente creativa, permite recompoñer por completo a súa contundente silueta.

José Luis Varela Alén é doutor arquitecto pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, cunha tese sobre Desiderio Pernas, e profesor asociado da Área de Expresión Gráfica da Universidade de Vigo (2021-2023), ademais de compaxinar o seu labor investigador e profesional a través do seu estudio de arquitectura. Publicou varios libros e é autor de artigos en revistas especializadas; ademais, foi comisario de exposicións, entre outras, sobre Pérez Bellas e Antonio Palacios.

Proxección audiovisual: *Roma, 1974*

Beatriz Ruibal

Presentada pola propia autora

Unha bolsa da Academia de España en Roma foi a oportunidade para desenvolver un proxecto que a artista tiña en mente desde que herdara unha serie de películas en Súper 8 con gravacións de membros da comunidade internacional de artistas e intelectuais que habitaron no barrio romano de Trastevere na década dos setenta do século pasado. As películas herdounas da súa tía Mercedes Ruibal e do seu tío Agustín Pérez Bellas, pintores que tiveron un estudio aberto neste barrio e que formaron parte desa comunidade. A través de fotografías dos lugares, textos, entrevistas a personaxes, documentos da época, testemuños e audiovisuais, Beatriz Ruibal trata de recuperar a memoria desa comunidade formada por poetas, pintores e cineastas, na que todas e todos xogaron un papel fundamental na historia e cultura italianas, coma o poeta Rafael Alberti e a escritora María Teresa León, o pintor Carlo Quattrucci, o pintor e escultor Alessandro Kokocinski, o carteiro Peppe Militello, e todos canda Mercedes e Agustín.

Beatriz Ruibal é unha artista visual. Recibiu distintos recoñecementos polo seu labor artístico, coma as axudas para a promoción da arte contemporánea española e unha axuda para a investigación, creación e produción artísticas no campo das artes visuais 2020-2022 do Ministerio de Cultura; foi finalista das intervencións artísticas nos edificios do Consello Europeo no 2023; foi beneficiaria da axuda á creación audiovisual da Comunidade de Madrid en 2019 e dunha bolsa para unha residencia artística na Real Academia de España en Roma (2016-2017), entre outras. Publicou *Madre*, que foi finalista ao mellor libro de fotografía do ano de PHotoESPAÑA 2015, e participou en The Photobook Exhibition Athens PhotoFestival 2015 e en The Project Library, Photoireland 2015. Mostrou a súa obra en centros de arte españois, coma Matadero, PhotoEspaña, Real Jardín Botánico, La Casa Encendida, Canal de Isabel II, Círculo de Bellas Artes (Madrid); Centre Pompidou Málaga (Málaga); MAC (A Coruña); e tamén internacionais, coma CCEMiami (Miami), CCMEX (México D. F.), MNBA (Santiago de Chile), Casa de las Américas (La Habana), Museo de Arte Contemporánea Art Ars Aevi (Saraievo) e en numerosos festivais internacionais.